



CONSENTIMIENTO EXPRESO PARTICIPACIÓN EN XIMNASIAS NA PISCINA MUNICIPAL DE AS LAGOAS

En aras a dar cumprimento ao Regulamento(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, e seguindo as Recomendacións e Instrucións emitidas pola Agencia Española de Protección de Datos (A.E.P.D.), INFÓRMASE:

🕒 Os datos de carácter persoal solicitados e facilitados por vostede, son incorporados a un ficheiro de titularidade privada cuxo responsable e único destinatario é o Concello de Bueu (Pontevedra).

🕒 Só serán solicitados aqueles datos estritamente necesarios para prestar adecuadamente os servizos solicitados, podendo ser necesario recoller datos de contacto de terceiros, tales como representantes legais, persoas titoras, ou persoas a cargo designadas polas mesmas.

🕒 Tódolos datos recollidos contan co compromiso de confidencialidade, coas medidas de seguridade establecidas legalmente, e baixo ningún concepto son cedidos ou tratados por terceiras persoas, físicas o xurídicas, sen o previo consentimento da persoa titora ou representante legal da persoa menor, salvo naqueles casos nos que fose imprescindible para a correcta prestación do servizo.

🕒 Unha vez finalizada a relación entre a empresa e o cliente os datos serán arquivados e conservados, durante un período de tempo mínimo de 6 MESES, tralo cal seguirá arquivado ou no seu defecto serán devoltos integramente á persoa titora ou representante legal.

🕒 Os datos que facilito serán incluídos no Tratamento denominado Clientes do Concello de Bueu (Pontevedra), coa finalidade de CUANTIFICAR A PARTICIPACIÓN E O ÉXITO NO PROGRAMA XIMNASIAS NA PISCINA MUNICIPAL e , tódalas xestións relacionadas co mesmo.

A tales efectos, manifesto o meu consentimento. Tamén informóuseme da posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, e cantos outros dereitos se recoñecen na normativa sobre privacidade e protección de datos persoais mediante escrito dirixido ao Concello de Bueu con domicilio en rúa Eduardo Vincenti número 8 (CP 36930 Pontevedra) o correo electrónico dirixido á seguinte dirección: comunicacion@concellodebueu.gal.



CONCELLO DE BUEU
DEPORTES_XIMNASIAS NA PISCINA MUNICIPAL

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111



Nome _____ e _____ apelidos _____ -

Idade: _____ DNI: _____

Enderezo: _____

LUNS E XOVES SALA VERMELLA (MARCAR CUN CÍRCULO):

9:00 - 10:00 - 11:00 - 12:00

LUNS E XOVES SALA VERDE (MARCAR CUN CÍRCULO):

10:00 - 11:00 (PÁRKINSON)

MARTES E VENRES SALA VERMELLA (MARCAR CUN CÍRCULO):

9:00 - 10:00 - 11:00 - 12:00

MARTES E VENRES SALA VERDE (MARCAR CUN CÍRCULO):

10:00 - 11:00 - 12:00

MÉRCORES E VENRES SALA VERDE (MARCAR CUN CÍRCULO)

18:00 - 19:00 - 20:00

Enfermidades (para ter en conta a monitora): _____

Teléfono: _____ Correo electrónico: _____



AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DE IMAXES POLO CONCELLO DE BUEU NO PROGRAMA EN FORMA NAS PARROQUIAS

Coa inclusión das novas tecnoloxías dentro das comunicacións, publicacións e accións comerciais que pode realizar o Concello de Bueu e ante a posibilidade de que nas mesmas poidan aparecer imaxes das persoas participantes durante a realización dos servizos contratados/executados.

E dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Ley 1/1982, de 5 de maio, sobre el derecho al honor, a la intimidad personal y familiar y a la propia imagen e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, o Concello de Bueu pide o consentimento ás persoas para poder publicar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo que con carácter comercial se poidan realizar, nas diferentes secuencias e actividades realizadas na nosas instalacións e fóra das mesmas en actividades contratadas/ ou executadas de xeito directo polo noso organismo público.

Don/Dona

con DNI _____

Autorizo ao Concello de Bueu a un uso pedagóxico/comercial das imaxes realizadas co Concello de

Bueu e aos efectos de que as mesmas sexan publicadas en:

- Páxinas web e perfís en redes sociais do Concello.
- Filmacións destinadas a difusión comercial.
- Fotografías para revistas ou publicacións de ámbito supramunicipal.

En Bueu, a _____ de _____ de 20__

SINATURA: _____



NORMAS DE FUNCIONAMENTO E INSCRICIÓN XIMNASIAS NA PISCINA MUNICIPAL:

- Para unha maior calidade e prestación nos servizos, as persoas inscritas serán integradas en distintos grupos e horarios segundo criterios e posibilidades da instalación.
 - O número máximo de persoas inscritas por grupo e hora estará fixado en función das características da instalación, da actividade e da ratio de alumnado que corresponde a cada monitor (na piscina municipal está fixado en 25 persoas).
 - Os horarios e o lugar de realización da actividade na piscina son:
 - Luns e xoves: sala vermella as 9h, 10h, 11h e 12h; sala verde as 10h e 11h.
 - Martes e venres: sala vermella as 9h, 10h, 11h e 12h; sala verde as 10h, 11h e 12h.
 - Mércores e venres: sala verde as 18h, 19h e 20h.
- Cada actividade desenvolverase nun tempo máximo de 50 minutos de duración que, sumado ó tempo de control e acceso e o paso polos vestiarios, nos dará un total dun máximo de 1h por actividade. Os horarios poderán sufrir modificacións durante o curso dependendo das circunstancias (instalacións, monitores, persoas inscritas, etc).
- Unha vez a persoa usuaria está inscrita nun grupo, non poderá realizar sesións con outros grupos. E dicir, se estou inscrito no grupo 1 da actividade de ximnasia na piscina non podo realizala clase co grupo 2 da ximnasia na piscina nin cos grupos de ximnasia do programa “En forma nas parroquias”.
 - A criterio da Concellaría de Deportes ou a petición das propias persoas usuarias poderanse conceder cambios de grupo, sempre que existan prazas no grupo ao que se quere ir ou se intercambien dúas persoas.
 - O **prazo** para a **formalización da inscrición** comezará o **15 de setembro**.

É OBRIGATORIO estar empadroad/a no Concello de Bueu e unha persoa só se pode inscribir a si mesma e como máximo a outra persoa máis.

Primeiro: farase unha **preinscrición de maneira presencial e por orde de chegada** na piscina municipal de Bueu en horario de 9:00h a 12:00h pola mañá e de 17:00h a 21:00h pola tarde de luns a venres, e de 9:00h a 12:00h pola mañá os sábados. A partir do 1 de outubro tamén se pode facer a inscrición por teléfono ou por correo electrónico: 986138689 ou piscina@concellodebueu.gal.

Segundo: para dar por formalizada a **inscrición, cubrir e entregar o impreso** que me facilitaron na piscina no momento de facer a preinscrición en rexistro no Concello de Bueu en horario de 9h a 13:00h antes do 1 de outubro, onde comprobaran se estás empadroad/a.



CONCELLO DE BUEU
DEPORTES_XIMNASIAS NA PISCINA MUNICIPAL

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111



- Unha vez cubertas as prazas, **crearase unha listaxe de agarda**, elaborada segundo orde de chegada de peticións. Só se poderán dar novas altas naqueles grupos nos que se produciran baixas.
 - Ante a gran demanda de prazas para a actividade, as persoas usuarias inscritas poderán ser **causa de baixa** polos seguintes motivos:
 - POR NON ENTREGAR O IMPRESO DE INSCRICIÓN EN TEMPO E FORMA.
 - POR RENUNCIA VOLUNTARIA. Que deberá comunicar nas instalacións da piscina municipal.
 - POR MODIFICACIÓN das causas que deron lugar a concesión da actividade.
 - POR OCULTAMENTO OU FALSIDADE dos datos que foron tidos en conta para a concesión da actividade.
 - POR FALTAS INXUSTIFICADAS Á ACTIVIDADE: as faltas inxustificadas á actividade nun mes, que superen os 3 días das 8 sesións que se imparten na actividade, será motivo de baixa automática, sen ter preferencia para volver a mesma actividade ou grupo. Terá que volver a reinscribirse como calquera outra persoa nova.
 - POR PRESCRICIÓN MÉDICA: poderán ser dadas de baixa, a criterio da Concellería de Deportes, aquelas persoas nas que por problemas de saúde estean contraindicada a realización de actividades deportivas.
 - A **actividade comezará** o 6 de outubro de 2025 e rematará a finais de xuño do 2026.
 - A actividade **interromperase** durante as festividades expostas no calendario laboral do Concello de Bueu.
 - A criterio da Concellería de Deportes poderáselle **requirir un certificado médico** a calquera persoa usuaria de calquera idade inscrita na actividade, cando os responsables da mesma observen que existe algunha circunstancia que cambiara a óptima condición física do usuario (enfermidade, accidente, etc).
 - **Prezos** das actividades. Nestes momentos a actividade é gratuíta. Esta fórmula manterase mentres non haxa modificacións internas do servizo.
 - **Outras cuestións.**
 - Esta normativa será informada ás persoas usuarias previa formalización da inscrición e están obrigadas a cumprila.
- Esta normativa poderá ser modificada durante a súa vixencia para unha mellor adaptación da actividade.



CONCELLO DE BUEU
DEPORTES_XIMNASIAS NA PISCINA MUNICIPAL

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111



- En caso de anulación ou suspensión da actividade, a persoa usuaria será avisada a través do teléfono de contacto presentado ao inscribirse.
- En tódalas actividades será obrigatorio o uso dun calzado diferente do da rúa, así como dunha roupa adecuada que permita realizar a actividade con total normalidade.
- **O feito de inscribirse** na actividade supón a **aceptación do regulamento** de uso e funcionamento das instalacións e servizos deportivos municipais e as presentes normas específicas que lle corresponda, así como as que puidesen crearse ou modificarse durante o desenvolvemento do curso para mellor desenvolvemento da actividade.
- **O feito de inscribirse** na actividade, supón que a persoa usuaria que se inscribe afirma **non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das tarefas que lle sexan propostas** polo monitor/a para esa actividade na que se inscribiu.
- **O feito de inscribirse** na actividade **consente** expresamente a **utilización dos seus datos persoais e imaxes** obtidos durante a actividade, tal como se contempla no documento anexo á folia de inscrición.
- A persoa inscrita na actividade declara que os datos que achegou para a súa inscrición son certos e autoriza á Concellería de Deportes a que lle solicite de oficio calquera documentación que estime oportuna en relación os datos achegados.

Así mesmo autoriza a obter das administracións públicas e organismos públicos e privados os documentos e certificados necesarios para a tramitación da devandita inscrición.

E tamén se compromete a comunicar calquera cambio nos datos descritos no impreso de inscrición que puideran ocorrer ao longo do curso.

- Calquera **reclamación** ou anomalía que o usuario/a detecte na actividade, así como as suxestións que crean oportunas, deberán expoñerse por escrito e dirixilas á Piscina Municipal de Bueu en horario de 9:00h a 12:00h pola mañá e de 17:00h a 21:00h pola tarde de luns a venres, e de 9:00h a 12:00h pola mañá os sábados.

Dita reclamación pódese formalizar presencialmente acudindo á instalación na rúa Johan Carballeira 21, chamando ó teléfono 986138689 ou ben enviando un correo electrónico a piscina@concellodebueu.gal

- Corresponde á Concellería de Deportes a coordinación e o seguimento da actividade.